

INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA

MATERIA LOMLOE: PSICOLOXÍA

CURSO NO QUE SE

IMPARTE: 2º Bacharelato

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**

Esta materia trata comprender mellor o seu propio funcionamento psicolóxico e o dos demais. Axuda a desenvolver a intelixencia emocional ensaiando actitudes máis comprensivas e tolerantes con respecto á conduta e as ideas dos demais.

Trátase igualmente de comprender como os principios e métodos da psicoloxía, poden utilizarse para describir, explicar, predecir e cambiar hábitos.

➤ **Metodoloxía das clases:**

Utilizamos estratexias didácticas variadas, que combinen as exposición (do profesor e do alumno), acompañadas de actividades de aplicación e estratexias de indagación que inclúen desde a análise de textos, ata o estudo de casos ou o desenvolvemento de proxectos de investigación. Trátase, igualmente, de facilitar a interlocución con especialistas da área da saúde mental.

➤ **Relación desta optativa cos estudos posteriores** (estudos universitarios, ciclos superiores de formación profesional...):

Máis aló da importancia de esta materia de cara a mellorar a xestión de calquera interacción laboral ou persoal, polo que se refire ao terreo estrutamente académico ou profesional esta materia resulta especialmente relevante para o alumnado interesado en estudar **Psicoloxía, Psiquiatría** ou que presente unha vocación polo **ensino** en xeral ou pola **Pedagogía** en particular. Igualmente é relevante para calquera que queira facer un desempeño na área dos **servizos sociais** ou **recursos humanos**.